

·Ríos e homes·

[Sheila Leiras Vázquez]

-Que é un río?

·Podemos definir río como unha corrente de auga natural, posee un caudal determinado e unha desembocadura que pode ter lugar noutro río (afluente), nun lago ou no mar.

-Como o aproveitamos na actualidade?

·Podemos utilizar os ríos para obter enerxía, mediante presas, tamén para poñer sistemas de rego para axudar na agricultura, obtención de auga para potabilización, cultivos de peixes (piscifactorías) e incluso áreas de recreación e turismo como parques, zonas en conservación, etc.

-Como aproveitaban os ríos os nosos antepasados?

·Desde sempre, os ríos son moi importantes para a vida cotiá. As persoas tiñan diversas formas de aproveitar os ríos:

•Na actividade económica utilizaban muíños e regadíos, os cuais melloraban a agricultura, transporte de obxectos como madeira, metais...

•Na actividade turística as persoas visitaban os ríos.

•Como actividades lúdicas estaban a pesca, os paseos a carón do río ou en pequenas barcas. As festas e romerías eran moi habituales preto dos ríos, contaban lendas, cantigas...

•O río era imprescindible para a hixiene e alí bañábanse, lavaban a roupa, etc.


·RÍO LANDRO OU LANDROVE·



-Ríos da miña zona e arredores.

·O río Landro ou Landrove está situado na provincia de Lugo, é un río pertencente á vertente cantábrica, con dirección Sur-Norte e en total percorre uns 42 km.

•Esquema do percorrido do río Landro:



**-Desembocadura
do río Landro, na
ría de Viveiro,
vista dende a
ermita de San
Roque.**



Foto de Iago Casabiell González

·Chega ata Viveiro, para desembocar en Covas, entre a praia de Covas e o porto de Celeiro. Na súa desembocadura forma un pequeno humedal, do cal fixeron a seguinte lenda:

“Deste pozo, conta a lenda, emerxe a furiosa cola escamosa do Dragón de Piago, gardián eterno da campá afundida dunha ermita, onde Doña Inés, choraba a morte do seu fillo e onde se lle apareceu a figura do seu pai asasinado e a cabeza do asasino.”

Un sonido metálico emerge de la profundidad lóbrega. Lo produce una campana de una ermita hundida en un uno de los meandros del Río Landro. En la bajamar el reflujo fuerte de la marea mueve el badajo. Se oye en muchas leguas a la redonda. Al mismo tiempo se oye un rugido por todo el valle que hace huir a todos los seres vivientes de los alrededores. Es un rugido jamás oído, horripilante. Del pozo sale una cola escamosa de veinte metros que golpea furiosamente las aguas y los árboles de la orilla del río.

Es el guardián eterno de la campana. **ES EL DRAGÓN DE PIAGO.**

·Imaxe do cartel que hai no paseo fluvial xunto ao pozo.

**-Foto do pozo da
lenda do
Dragón de
Piago.**



•Tamén son moi habituais as romerías a carón do río Landro, por exemplo a do val de Naseiro.



-Lugar onde se celebra a romería do Naseiro.



-Fotografía antiga na romaría

•Chavín é un lugar de ocio a carón do río, no que moitos turistas pasean desde fai moitos anos:

- Alí atópase o eucalipto avó de Chavín, este é o máis grande de Europa.



Esta é unha imaxe da Tarde de Jira de 1996, un percorrido que se facía todos os anos polo río Landro:



-A miña opinión sobre o río.

·Desde o meu punto de vista, o río Landro é un río moi interesante, tanto na historia, xa que contan todo tipo de lendas sobre el; ou tanto a nivel turístico, xa que é un río moi bonito no que pasear a carón del ou facer actividades acuáticas pode resultar moi divertido. As vistas da súa desembocadura como se poden ver nunha das anteriores fotos son preciosas e merece a pena ir visitalo e aprender un pouco sobre a súa historia.

-Bibliografía.

- [Información do percorrido do río Landro](#)
- [Imaxe do cartel do pozo de Piago](#)
- [Información e foto do lugar da lenda do Dragón de Piago](#)
- [Fotografía do val de Naseiro](#)
- [Imaxe antiga da romaría do Naseiro](#)
- [Imaxe do río Landro](#)
- [Eucalipto avó de Chavín](#)
- [Fotografía da Tarde de Jira](#)
- [Mapa do percorrido do río Landro](#)